

A ORIXE DA FILOSOFÍA



A orixe da filosofía foi unha cuestión controvertida ao longo da historia do pensamento. Polo xeral os filósofos gregos consideraron que a filosofía nace con Tales de Mileto alá polo século VII a. c., pero non se consideraba necesario explicar como se producira ese xurdimento dunha nova forma de pensamento. Si parecía haber un común acordo en considerar a filosofía como a forma de pensamento racional por excelencia, é dicir, unha forma de pensamento que non recorre á acción de elementos sobrenaturais para explicar a realidade e que rexeita o uso dunha lóxica ambivalente ou contradictoria. É a partir da polémica que suscitaron os filósofos alexandrinos durante o período helenístico cando a orixe da filosofía comeza a converterse nun problema. E será ao longo do século XX cando se comece a atopar respostas explicativas da aparición do fenómeno filosófico. Para o noso obxectivo abondaranos considerar as dúas hipóteses máis difundidas acerca da orixe da filosofía: aquela que sostén a súa orixe a partir da filosofía oriental, e aquela que fai da filosofía unha creación orixinal dos gregos, e que estudaremos a seguir.

A) A hipótese da orixe oriental.

Os defensores de esta hipótese manteñen que os gregos copiaran a filosofía oriental, polo que a filosofía non podería considerarse unha creación orixinal do pobo grego. Os primeiros filósofos, sostén esta hipótese, viaxarían a Exipto e Babilonia onde adquirirían os seus coñecementos matemáticos e astronómicos; lonxe de ser os creadores da filosofía foron uns meros transmisores do saber oriental que, en contacto coa civilización grega acadaría un desenvolvemento superior ao logrado nos seus lugares de orixe. Esta hipótese mantivérona:

— Os filósofos alexandrinos. En polémica coas escolas filosóficas gregas, e co ánimo de desacreditarlas, os filósofos alexandrinos poñen en circulación a tese da orixe oriental da filosofía.

— Os pais apoloxistas cristiáns. Con intención polémica similar á dos filósofos alexandrinos, os primeiros pais apoloxistas do cristianismo, airean a hipótese da orixe oriental da filosofía, hipóteses que posteriormente non será mantida pola filosofía cristiá occidental.

1. A cuestión que se debate é se existe esa suposta filosofía oriental. Se asimilamos a filosofía a un discurso racional entendido como a imposibilidade de recorrer ao sobrenatural para explicar os fenómenos naturais, e ao rexeitamento da contradición, resulta dificilmente sostíbel a existencia dunha filosofía oriental. A cuestión que se expón, pois, é a de determinar se esa astronomía e esas matemáticas orientais eran ou non eran filosofía. Os estudos sobre o tema parecen indicarnos que non, que a astronomía babilónica tendía a dexenerar en astroloxía, é dicir, en arte adivinatoria; e que as matemáticas exipcias, lonxe de acadar el grado de abstracción necesario para considerarse ciencia, non superaron nunca o estadio dunhas matemáticas ou dun saber práctico, xerado ao abeiro das necesidades de medición dos terreos logo de cada unha das inundacións periódicas do Nilo.

2. Que fai que sexa en Grecia onde desenvólvese a filosofía e non en calquera outra zona de oriente? Como explicar que, nunha civilización concreta, xérese unha forma de pensamento novo, en contraposición coas anteriores formas de pensamento? Cales son as súas características? E cales eran as características do pensamento anterior? Tanto os orientais como os gregos dispoñían dunha mitoloxía e dunhas crenzas relixiosas similares. E a estrutura explicativa das mesmas é tamén similar. Un mito é un relato acerca das orixes, unha narración, non unha solución a un problema; pode referirse á orixe do mundo, ou á orixe dun obxecto particular, ou dunha clase específica de animais, etc. Ao mesmo tempo que narra, sitúa ao home na realidade, asígnalle un papel, unha función, un sentido, polo que adquire tamén unha función social: facer intelixíbel a orde social.



A existencia desta forma de pensamento está atestiguada en todas as civilizacións, e tamén, por suposto, na grega. De especial importancia para a comprensión da aparición da filosofía poden ser os mitos de Hesíodo que atopamos especialmente na teogonía. En todo caso, esas

explicacións míticas acerca da orixe, comúns a todas as civilizacións, posúen unhas características tamén comúns que contrastan coas características do pensamento filosófico: o recurso a entidades sobrenaturais para explicar esa orixe, e o recurso a unha lóxica ambivalente, permitindo que o mesmo elemento ou a mesma entidade compórtese xa sexa como un deus, xa sexa como un elemento natural, estarían entre as máis significativas. O rexeitamento destas características, será propio da filosofía. E tal rexeitamento non parece producirse na chamada filosofía oriental.

B) A hipótese da orixe grega.

Segundo esta hipótese a filosofía sería unha creación orixinal do pobo grego. Nos imos centrar nas explicacións de historiadores do século XX, das que salientamos:

a) A explicación de J. Burnet. É a chamada teses do "milagre grego". Segundo esta hipótese a filosofía aparecería en Grecia dunha maneira abrupta e radical como froito da genialidade do pobo grego. Esta hipótese prescinde dos elementos históricos, socioculturais e políticos, polo que termina por non explicar nada, caendo nun círculo vicioso: Os gregos crean a filosofía porque son xeniais, e son xeniais porque crean a filosofía. Mánténa na súa obra "A Aurora da filosofía grega", (1915).

b) A explicación de F. M. Cornford. Defende a tese do desenvolvemento do pensamento filosófico a partir do pensamento mítico e relixioso. Segundo esta hipótese a filosofía sería o resultado da evolución das formas primitivas do pensamento mítico da Grecia do século VII antes de Cristo. Para Cornford existe "unha continuidade real entre a primeira especulación racional e as representacións relixiosas que entrañaba" de tal modo que "os xeitos de pensar que, en filosofía, logran definicións claras e afirmacións explícitas xa estaban implícitas nas irracionais intuicións do mitolóxico". Na súa obra "Da relixión á filosofía", (1912), Cornford explica como a estrutura dos mitos de Hesíodo na "Teogonía" mantense nas teorías dos primeiros filósofos, rexeitando estes soamente o recurso ao sobrenatural e a aceptación da contradición. Salienta a influencia educativa de Homero e Hesíodo na constitución e posterior desenvolvemento da civilización grega, e analiza tamén como algúns dos conceptos que serán fundamentais posteriormente na filosofía, [moira (fado, destino), diké, (xustiza), physis, (natureza), lei, deus, alma, etc.] proceden directamente do pensamento mítico-relixioso grego.

c) A explicación de J. P. Vernant, na súa obra "Mito e pensamento na Grecia antiga", (1965), engade importantes elementos derivados do contexto sociocultural, político e económico da época para explicar como este paso do mito á racionalidade foi posíbel, e por que produciuse en Grecia en lugar de noutra civilización da época. A inexistencia dunha casta sacerdotal, a figura do sabio, o predominio da cidade, a transmisión pública do saber, a liberdade individual e o desenvolvemento da escritura, fan posíbel a posta en interdicto das explicacións cosmolóxicas e a súa substitución por unha forma de pensamento que non entrañe a crenza e a superstición propias dos pensamentos mítico e relixioso.

A estrutura do mito hesiódico (na "Teogonía") serve de modelo segundo Vernant a toda a física Xonia, seguindo a Cornford. Neste mito, en efecto, a realidade xérase a partir dun estado inicial de indistinción, por segregación de parellas de contrarios que interactúan ata acabar configurando toda a realidade coñecida. Existen pois tres momentos fundamentais no discurrir da narración:

- 1) Pártese dun estado de indistinción do elemento orixinario.
- 2) Del agroman, por segregación, parellas de contrarios.
- 3) Consonte un ciclo sempre renovado prodúcese unha continua interacción de contrarios.

C) Conclusións

Agora ben, esta mesma estrutura a atopamos nas explicacións dos primeiros filósofos jonios, pero neles tomou xa a forma dun problema: na filosofía o mito esta racionalizado. O mito é animista, máxico, recorre ao invisíbel como fundamento do visíbel, acepta o sobrenatural e o extraordinario. A cosmoxía dos primeiros filósofos modifica a súa linguaxe e cambia de contido: en lugar de narrar os acontecementos sucesivos, define os primeiros principios constitutivos do ser; en lugar de presentarnos unha loita de deuses ofrécenos un intercambio mecánico de procesos ou fenómenos naturais. Cales son as condicións baixo as que se produce esta mudanza?



Para Vernant, o nacemento da filosofía é explicábel aducindo causas históricas e sociais. A inexistencia dunha casta sacerdotal en Grecia, dadas as características especiais da relixión grega, elimina a posibilidade de instaurar un dogma relixioso, así como a posibilidade de facer do relixioso un discurso fechado, accesíbel só aos que pertencen á casta sacerdotal; non hai, pois, segredos que ocultar. O sabio, que é ao tempo adiviño, poeta, profeta, músico, médico, purificador, curandero, pero distinto do sacerdote ou chamán das relixións

orientais, e que ten o poder de ver e facer ver o invisíbel, divulga os seus coñecementos: o ensino se opón aquí á iniciación esotérica nunha doutrina. Os coñecementos divúlganse, desembarazándose así da figura do mago. A expansión da cidade, correlativamente ao auxe económico derivado do comercio fundamentalmente, supón o advenimiento do cidadán, circunstancia paralela ao nacemento e desenvolvemento da filosofía. A importancia da liñaxe deixa paso á prioridade da polis, da comunidade, o que adoita ir acompañado dunha organización política que reclama a publicidade. O saber é trasladado á praza, en plena ágora, sendo obxecto dun debate público onde a argumentación dialéctica terminará por predominar sobre a iluminación sobrenatural.

A filosofía, pois, se ben enraizada no mito, parece ser unha creación orixinal do pobo grego. O seu rexeitamento do sobrenatural, do máxico, da ambivalencia, son signos dunha racionalidade que dificilmente podemos atopar noutras formas de pensamento anterior.



Principais cidades das que son orixinarios os primeiros filósofos e/ou nas que se desenvolve a filosofía antiga

Máis información en:

<http://www.cibernous.com>

<http://www.filosofia.net/materiales/>

<http://www.filosofia.org/>

<http://www.gobiernodecanarias.org/educacion/9/Usr/ibjoa/Filos/menu.html>

<http://sapiens.ya.com/webfilosofia/>